



CONCELLOS

ABADÍN

Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza – Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión extraordinaria celebrada o 21.05.2025 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de abril de 2025, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 1 de setembro de 2025.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 2567

GUITIRIZ*Anuncio***MODIFICACION DO PREZO PÚBLICO DO CURSO DE CERÁMICA.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2025 acordou a modificación do prezo público de actividades culturais, curso de cerámica, coa tarifa de público de 27 euros/mes.

Guitiriz, 11 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2568

*Anuncio***APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO DOS TALLERES CULTURAIS. CURSO DE CESTERÍA.**

Conforme o disposto nos artigos 41, 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público a efectos de coñecemento xeral e publicidade que a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 10 de setembro de 2025 acordou a fixación do prezo público do curso de cestería, coa tarifa de público de 27 euros/ mes.

Guitiriz, 11 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 2569

LUGO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 10 de setembro de 2025 adoptou o acordo 3/358 CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A PROVISIÓN DE VARIOS POSTOS DE TRABAJO NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO DE XEFE/A DE GRUPO, no cal se fai constar:

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA** convocar o concurso para a provisión de varios postos de traballo no Excmo. Concello de Lugo para xefes/as de grupo, que se rexerá polas bases aprobadas polo Acordo 16/16 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 13 de xaneiro de 2021, e modificadas por Acordo 9/165 da Xunta de Goberno Local do 24 de marzo de 2021.

1.- OBXECTO DESTA CONCURSO

É obxecto deste concurso a provisión dos postos de traballo, mencionados no anexo destas bases, entre os empregados/as públicos/as do Concello de Lugo, con praza en propiedade, excepto aqueles que ocupen un posto con carácter definitivo se non transcorreran dous anos dende a súa provisión. No suposto do persoal funcionario de novo ingreso, é requisito necesario para poder participar neste concurso, en todo caso, unha antigüidade mínima de dous anos dende o nomeamento como persoal funcionario de carreira.

O/a empregado/a público/a que estea en adscrición provisional está obrigado a participar nos concursos de provisión que se convoquen para postos adecuados ao seu corpo ou escala e a solicitar todos os postos pola orde de prioridade que estableza na solicitude de participación. O incumprimento desta obriga determinará a declaración da situación de excedencia voluntaria por interese particular.

2.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte nesta convocatoria coa prelación de postos dirixiranse ao Excmo. Sr. alcalde presidente do Excmo. Concello de Lugo, acompañadas da acreditación documental dos méritos para xuntar e presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada deste, ou na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do procedemento administrativo común das administracións públicas, durante un prazo de **15 días hábiles**, contados a partir da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cada un/ha dos/das empregados/as participantes poderá solicitar todos os postos convocados para os que reúna as condicións e requisitos sinalados, expresando a orde de preferencia de cada posto de traballo e indicando para tal fin a denominación co que figuren estes.

Os requisitos determinados na convocatoria deberán reunirse na data que termine o prazo de presentación de solicitudes de participación.

Só se poderá desistir da petición de tomar parte no concurso antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

3.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE CONCURSO

A) Ser funcionarios/as de carreira do Excmo. Concello de Lugo con praza en propiedade, pertencente á escala, subescala e grupo establecida no anexo, cunha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira.

B) Atoparse en calquera situación administrativa, excepto en situación de suspensión firme ou de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar neste concurso.

4.- BAREMO DE MÉRITOS

Soamente procederá a valoración dos méritos alegados polas persoas participantes cando estas reúnan os requisitos esixidos nestas bases.

Valoraranse os méritos obtidos ou en condición de obterse na data na que finalice o prazo de presentación de instancias para participar no correspondente concurso.

A xustificación dos méritos deberá realizarse mediante certificación oficial expedida para o efecto.

Para fixar a orde de preferencia na adxudicación do posto no concurso, valoraranse os seguintes méritos:

4.1.- Antigüidade: valorarase cun máximo de **4 puntos**, tendo en conta os servizos efectivos prestados e recoñecidos en calquera Administración pública, de conformidade coa seguinte escala:

- servizos no mesmo subgrupo/grupo que o do posto solicitado: 0,015 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais
- servizos nun subgrupo/grupo distinto ao do posto solicitado: 0,007 puntos por cada mes ou fracción igual ou superior a 15 días naturais.

4.2.- Experiencia: experiencia no desenvolvemento de postos pertencentes á área funcional á que correspondan os postos convocados, entendendo por área funcional a política de gasto definida conforme á Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais. Tomarase en consideración o posto de traballo ocupado na data de finalización do prazo de presentación de instancias. Puntuación de **3 puntos**.

4.3.- Grao persoal consolidado: valorarase cun máximo de **2 puntos** o grao persoal que se teña consolidado de conformidade co seguinte:

- por posuír un grao persoal superior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 2 puntos
- por posuír un grao de igual nivel ao do posto solicitado: 1,5 puntos
- por posuír un grao persoal inferior nun nivel ao do posto solicitado: 1,25 puntos
- por posuír un grao persoal inferior en dous ou máis niveis ao do posto solicitado: 1 punto.

4.4.- Traballo desempeñado: valorarase cun máximo de **2,25 puntos** segundo o nivel de complemento de destino correspondente ao posto de traballo desde o que se participa no concurso de conformidade co seguinte:

- nivel igual ao posto ao que se concursa: 2,25 puntos
- un nivel inferior: 2,14 puntos
- dous niveis inferiores: 2,03 puntos
- tres niveis inferiores: 1,92 puntos
- catro niveis inferiores: 1,81 puntos
- cinco niveis: 1,70 puntos
- niveis inferiores ao anterior: 1,50 puntos.

Aos/Ás funcionarios/as en comisión de servizos valoraráselles o nivel de complemento de destino do seu posto de orixe.

Unicamente se valorará o nivel dos postos que estean provistos na forma legalmente establecida.

4.5.- Permanencia no posto de traballo: valorarase cun máximo de **0,75 puntos** a permanencia ininterrompida no mesmo posto dende o que se concursa segundo o seguinte:

- nos 5 anos anteriores: 0,75 puntos
- nos 4 anos anteriores: 0,50 puntos
- nos 3 anos anteriores: 0,25 puntos.

4.6.- Méritos académicos: valoraranse os cursos impartidos e/ou recibidos nos últimos 15 anos e ata a data de publicación da convocatoria cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto solicitado e convocados polo Concello, a Deputación, o INAP, a EGAP, organizacións sindicais ou outros axentes dentro do marco de acordo de formación para o emprego das administracións públicas.

Valoraranse de 0,10 a 0,5 puntos por curso ata un máximo total de **3 puntos** de acordo co seguinte:

- cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos
- cursos de 21 a 40 horas: 0,20 puntos
- cursos de 41 a 100 horas: 0,35 puntos
- cursos de máis de 100 horas: 0,50 puntos.

Non se valorarán os que non acrediten as datas de realización e horas de duración, os derivados de procesos selectivos, e os relativos a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Nos cursos referentes a unha mesma materia, valorarase unicamente o de nivel superior.

4.7.- Coñecemento da lingua galega: valorarase o coñecemento da lingua galega cun máximo de **1 punto**, a razón de:

- Celga 2 ou equivalente: 0,20 puntos
- Celga 3 ou equivalente: 0,30 puntos
- Celga 4 ou equivalente: 0,40 puntos
- Curso de linguaxe administrativa de nivel medio ou equivalente: 0,75 puntos
- Celga 5, Curso de linguaxe administrativa de nivel superior ou equivalente: 1,00 punto.

Só se valorarán os cursos que non se esixan para a provisión do posto.

4.8.- Outras titulacións: valorarase cun máximo de **2 puntos** calquera outra titulación académica oficial distinta da esixida para acceder á praza dende a que se concursa relacionadas co posto ao que se concursa.

- bacharelato ou ciclo medio: 0,50 puntos
- ciclo superior: 1,00 puntos
- título de diplomatura ou equivalentes: 1,5 puntos
- título de máster, licenciatura ou grao universitario: 2 puntos.

4.9.- Conciliación da vida persoal e familiar: valorarase ata un máximo de **1 punto** polos seguintes conceptos:

- coidado de fillos menores de 12 anos naturais ou por adopción ou acollemento permanente: 0,70 puntos
- coidado dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade cando por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída: 0,5 puntos.

Os méritos referidos á conciliación acreditaranse como segue:

- coidado de fillo: copia do libro de familia ou resolución xudicial
- coidado dun familiar: copia do libro de familia e documento acreditativo da situación de dependencia e tamén certificado de non estar de alta na Seguridade Social.

4.10.- Memoria.- Confección dunha memoria sobre a análise das tarefas do posto e dos requisitos, condicións e medios necesarios para o seu desenvolvemento, a xuízo do candidato, de acordo coa descrición contida na convocatoria. A puntuación máxima será de **6 puntos**.

Para o caso de empate na valoración, aplicaranse por esta orde os seguintes criterios de desempate:

Primeiro.- A maior antigüidade ao servizo da Administración.

Segundo.- A maior antigüidade no posto dende o que se concursa.

Terceiro.- A data de ingreso como funcionario/a de carreira e na subescala na que se concursa.

Cuarto.- Sorteo público.

5.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Cualificarán os méritos dos concursantes, con referencia á data de peche do prazo de presentación de instancias, unha comisión de valoración composta por:

Presidente/a: dona Patricia Berta Vázquez Mille, xefa do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

- Suplente: don Pablo Fuentes Faílde, xefe do Servizo de Enxeñería do Concello de Lugo.

Vogais:

Dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, xefa do Servizo de Fiscalización Previa do Concello de Lugo.

Suplente: dona María Luisa Vila Fernández, xefa de sección de Fiscalización Previa do Concello de Lugo.

Dona Natalia Framil Rego, xefa do Servizo de Xestión Económico-Financeiro do Concello de Lugo.

Suplente: dona María Pilar Salvador Potente, arquitecta do Servizo de Arquitectura do Concello de Lugo.

Don Carlos Bagueiras Vázquez, xefe de negociado (delineante) da Adxuntía de Proxectos do Concello de Lugo.

Suplente: dona Mayter Silva Núñez, delineante do Concello de Lugo.

Secretaría:

Dona Ana María Rivas García, secretaria xeral do Pleno do Concello de Lugo.

Suplente: don Justo Díaz Rodríguez, vicesecretario accidental do Concello de Lugo.

6.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

O resultado da avaliación dos méritos e a adxudicación provisional exporase ao público no Taboleiro de Anuncios nunha relación que conterá a totalidade do persoal concursante, ordenada de maior a menor puntuación total, con expresión do posto de traballo adxudicado, se é o caso. Concederase un prazo de dez días hábiles para que formulen as reclamacións que estimen pertinentes en relación coa baremación.

7.- TOMA DE POSESIÓN

Transcorrido o prazo sinalado anteriormente, a comisión resolverá as reclamacións que se presentasen e formulará a proposta de adxudicación dos postos convocados, remitíndoa á autoridade convocante para a súa publicación no Taboleiro de Anuncios, mediante resolución motivada.

Na resolución de adxudicación do concurso indicarse a data na que deberá efectuarse o cesamento no actual posto de traballo e a toma de posesión do destino adxudicado, salvo nos casos de forza maior debidamente xustificadas.

8.- RECURSOS

Estas bases son definitivas en vía administrativa e contra estas pode interpoñerse, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, un dos seguintes recursos.

a) Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido, no prazo dun mes contado dende o día seguinte á súa publicación. Transcorrido un mes dende o día seguinte ao da interposición do recurso de reposición sen que se teña resolto, poderá entenderse desestimado, e poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo.

b) Recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo dentro do prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da súa publicación.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

9.- PUBLICACIÓN

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

ANEXO

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ESCALA	TP	SUBESCALA	FP	GRUPO	C.D
02/30/1	XEFE/A GRUPO ADMÓN. MUNICIPAL	A.X.	S	AUXILIAR	C	C2	18
21/30	XEFE/A GRUPO PLANEAMENTO	A.X	X	ADMTVA	C	C1	19

Lugo, 16 de setembro de 2025.- A Tenente de alcalde delegada da Área de Cohesión Territorial, por suplencia do Tenente de alcalde delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, urbanismo e deportes e xuventude, Ilma. Sra. dona Ana M.^a González Abelleira.

R. 2570

Anuncio

DECRETO

Excmo. Sr. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo.

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 4 de maio de 2022 adoptou, entre outros, o acordo 11/252 APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE LUGO, LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, na sesión ordinaria do 2 de novembro de 2022 adoptou o acordo o 8/639 APROBACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2022 DO CONCELLO DE LUGO CORRESPONDENTE A UNHA PRAZA ESTRUCTURAL TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN.

- Polo Decreto Nº 10700/2022 do 08/11/2022 resolveuse convocar o proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN que se rexerá polas bases específicas aprobadas por acordo 8/639 Xunta de Goberno Local deste Concello adoptado na súa sesión do 02.11.2022

O dito Decreto foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 270 do 25 de novembro de 2022 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 236, de 14 de decembro de 2022. O anuncio para prover a praza obxecto desta convocatoria foi publicado no “Boletín Oficial do Estado” núm. 311, do 28 de decembro de 2022.

- A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024 adoptou o acordo 5/88 MODIFICACIÓN DAS BASES ESPECÍFICAS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICA/O MEDIA/O DE XESTIÓN PERTENCENTE AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE CONCURSO-OPOSICIÓN/LIBRE (ARTIGO 2.1 LEI 20/2021 DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL OEP 2022), APROBADAS POR ACORDO 8/639 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO O 2 DE NOVIEMBRE DE 2022.

O dito acordo foi publicado no BOP da Provincia de Lugo núm. 086 do 13 de abril de 2024 e extracto do mesmo no «Diario Oficial da Galicia» núm. 99 do 23 de maio de 2024 e no “Boletín Oficial do Estado” núm. 133 do 1 de xuño de 2024.

- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 13 de novembro de 2024 adoptou o acordo 6/489 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

- Con data do 10 de abril de 2025, o Secretario do Tribunal cualificador asina un anuncio no que pon de manifesto que o Tribunal cualificador, acorda:

“Primeiro.- Proponer o acceso en propiedade a unha praza estrutural de Técnico/a Medio de Xestión, incursa no suposto do artigo 2.1 da Lei 20/2021, que se rexe polas bases específicas aprobadas polo Acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo nº: 5/88, na sesión ordinaria celebrada o 6 de marzo de 2024, pertencente o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello, mediante o sistema de concurso oposición (OEP 2022) o seguinte aspirante que superou o referido proceso selectivo:

Nome.	DNI.	Puntuación Total.
San Ildefonso Ladrero, Juan Ignacio	***9378**	63,90

Segundo.- Elevar a citada proposta de nomeamento ó Ilmo. Sr. Tenente de Alcaldesa - Delegado da Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo e Deportes e Xuventude do Excmo. Concello de Lugo como autoridade convocante.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo e na páxina web municipal, sen prexuízo da posterior publicación no BOP de Lugo por parte da autoridade convocante.”

- Con data do 18 de xuño de 2025 o Secretario do Tribunal cualificador asinou un anuncio complementario relativo á totalización das puntuacións obtidas polos aspirantes en todas as probas do mencionado proceso selectivo.

Visto o anterior, en base ás atribucións delegadas por Decreto 2730/2025 de 19/03/2025 ditado polo Excmo. Sr. Alcalde Presidente do Excmo. Concello de Lugo e, ás atribucións delegadas por acordo 40/607 da XGL en sesión celebrada o 26 de xullo de 2023, modificado polo acordo 1/284, de 19 de xuño de 2024, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Facer público o resultado do proceso selectivo para o acceso en propiedade a unha praza de TÉCNICO/A MEDIO XESTIÓN INCURSA NO SUPOSTO DO ARTIGO 2.1 DA LEI 20/2021 POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, sendo o aspirante que superou o referido proceso selectivo:

NOME E APELIDOS	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
SAN ILDEFONSO LADRERO, JUAN IGNACIO	***9378**	63,90

SEGUNDO.- O opositor que superou o referido proceso selectivo, de conformidade coa base vixésima das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2008 e modificadas polo citado órgano en sesións do 18.02.2009, 26.12.2012, 23.01.2013, 15.10.2014, 22.03.2017 e 31.10.2018, sendo publicadas nos Boletíns Oficiais da Provincia de Lugo, nº 099, de data 2 de maio de 2017 e nº 274 do 29 de novembro de 2018, deberá presentar, no prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publicou a presente resolución no BOP de Lugo, no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados/as que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

TERCEIRO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.
- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.

Lugo, 2 de setembro de 2025.- O Excmo. Sr. Alcalde Presidente, don Miguel Fernández Méndez.

R. 2571

A PASTORIZA

Anuncio

EXPEDIENTE: 317/2025

DELEGACIÓN ALCALDE

Polo presente faise público o Decreto 2025-0440 ditado pola Alcaldía con data 18 de setembro de 2025, do seguinte teor literal:

“DECRETO DE ALCALDÍA

D. DARÍO CABANEIRO SANTOMÉ// Na Pastoriza na data da súa sinatura

Visto o disposto no artigo 47 do R.D. 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de acordo co cal corresponde ós Tenentes de Alcalde, substituír na totalidade das súas funcións e polo orden do seu nomeamento ó Alcalde, en casos de ausencia, entre outros, esixíndose nestes casos, resolución expresa de delegación das competencias de que se trate, resolución que deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 44 .1 e 2 do mesmo regulamento.

Visto o establecido no artigo 44.1 e 2 do R.D. 2568/86 de acordo cos cales as delegacións se realizarán por decreto de Alcaldía, con indicación das facultades que se delegan e condicións do seu exercicio, producindo efectos a resolución desde o día seguinte á data da mesma, sen perxuízo da súa obrigatoria publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Visto que o Alcalde se ausentará do termo municipal os días 20 de setembro a 12 de outubro do ano en curso.

Visto que a Primeira Tenente de Alcalde, Josefa Méndez Pena, non pode substituílo por motivos laborais

Á vista do exposto anteriormente e, de conformidade coas atribucións que son conferidas á Alcaldía pola normativa vixente, art. 21 da Lei 7/85, art. 24 R.D.781/1986, art 41 R.D. 2568/1986 e art. 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

RESOLVO:

Primeiro: *Delegar no 2º Tenente de Alcalde, Marcos García Lombardero, as competencias da Alcaldía os días 20 de setembro a 12 de outubro do ano en curso.*

Segundo: *Ordenar a publicación da presente na sede electrónica do Concello e no Boletín oficial da Provincia.*

Terceiro: *Notifíquese a presente ao interesado aos efectos da súa aceptación e comuníquese ó Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.*

Mandao e asíno o Sr Alcalde- presidente do que eu Secretaria dou fe.”

A Pastoriza, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde- Presidente, Darío Cabaneiro Santomé.

R. 2598

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldesa do Concello de Rábade de data 8 de setembro de 2025 prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de agosto de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 8 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 2572

Anuncio

Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e recollida de lixo do 4º bimestre do 2025.

Por Decreto da Alcaldía de data 10 de setembro de 2025, aprobouse o Padrón Tributario da Taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente ó 4º bimestre do 2025, cuxo importe total ascende á cantidade de 134.586,81 (cento trinta e catro mil cincocentos oitenta e seis con oitenta e un) euros, así como a apertura dun período de información pública polo prazo dun mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 26 de agosto ata o día 25 de outubro de 2025.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en período voluntario as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes desde o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 10 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Remedios González Cabarcos.

R. 2573

RIBADEO

Anuncio

Expediente 4303/2025

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 57/2025, SUPLEMENTO CREDITO FINANCIADO CON BAIXAS CAPITULO 6

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 16/09/2025 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 57/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de SUPLEMENTO CREDITO FINANCIADO CON BAIXAS CAPITULO 6, por importe de 70.372,19 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quinze días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2599

Anuncio

Expediente 4114/2025

APROBACIÓN INICIAL.

Modificación orzamentaria 55/2025, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTA ÁREA DE GASTO

O Pleno do Concello de Ribadeo, en sesión que se levou a cabo o día 16/09/2025 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos núm. 55/2025 do Orzamento en vigor, na modalidade de TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTA ÁREA DE GASTO, por importe de 15.730 €

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, sométese o expediente á exposición pública **durante o prazo de quince días**, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se unha vez transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Ribadeo, 18 de setembro de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 2600

O SAVIÑAO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2025/0289, de data 15 de setembro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de agosto de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 15 de setembro de 2025.- O Alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2580

VILALBA

Anuncio

Publicación correspondente á Resolución Definitiva da asignación de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas de adestramento durante a tempada 2025-26.

Expediente número: 2919/2025

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 15/09/2025 adxudicáronse definitivamente as autorizacións demaniais de instalacións deportivas municipais a clubs deportivos e entidades para adestramentos durante a tempada 2025-26, o que se fai público a efectos do seu xeral coñecemento e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O texto íntegro do Acordo pode ser consultado no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Corporación municipal.

Vilalba, 16 de setembro de 2025.- A alcaldesa, Marta M.^a Rouco Seoane.

R. 2581

VIVEIRO

Anuncio

D^a. MARIA CARMEN GUEIMUNDE GONZÁLEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publícase o anuncio da convocatoria para prover unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) persoal laboral fixo na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 17 de xuño de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro e segundo exercicio.

Tendo en conta que os aspirantes que superaron estas probas constan exentos do terceiro exercicio (proba de galego), por presentar debidamente o celga 2 requerido nas bases xerais.

Vista a base xeral 12, que sinala: (...) **12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.**

O/a Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o/a aspirante seleccionado/a, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de persoas aspirantes non seleccionadas que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionadas, co fin de poder tomarse en consideración para o suposto de que o/a seleccionado/a non presente ou acredite no prazo establecido de conformidade co disposto na base 13 a documentación previa ao nomeamento, renuncie á praza ou non formalice o correspondente contrato laboral no prazo establecido; podendo neste caso formular proposta ao respecto da seguinte persoa aspirante que conste por orde de puntuación e así sucesivamente..."

Tendo en conta a cualificación final e proposta de selección formulada polo Tribunal de data 17 de setembro de 2025, na que literalmente di:

"RESULTADO DAS PROBAS SELECTIVAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DA PRAZA VACANTE CORRESPONDENTE AO POSTO DA RPT OPERARIO/A CON DESTINO NO CEMITERIO (OP0.1/138) NA ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZO ESPECIAL, SISTEMA OPOSICIÓN, ACCESO LIBRE, PERSOAL LABORAL FIXO.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do luns, 17 de febreiro de 2025 Núm. 039, publícase a convocatoria e bases reguladoras cos seus anexos aprobadas pola Alcaldía, en Viveiro o día 13 de febreiro de 2025, polas que se inicia o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 26 de febreiro de 2025, DOG Núm. 39, publícase o anuncio da convocatoria para proveer unha praza pola quenda de acceso libre (OEP 2024).

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do martes, 25 de marzo de 2025, Núm. 72, para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regula o proceso selectivo para a provisión en propiedade da praza vacante correspondente ao posto da RPT operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) persoal laboral fixo na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre.

Vista a publicación da Resolución de Alcaldía da lista definitiva de admitido/as e excluídos/as, o nomeamento do Tribunal e a citación do Tribunal para a súa constitución publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 17 de xuño de 2025, así como a corrección de erros do nomeamento do Tribunal publicada no taboleiro de edictos dixital.

Vistos os resultados publicados ao respecto da realización do primeiro e segundo exercicio.

Tendo en conta que os aspirantes que superaron estas probas constan exentos do terceiro exercicio (proba de galego), por presentar debidamente o celga 2 requerido nas bases xerais.

Vista a base xeral 11, que sinala:

“(…)11.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, establecendo para estes efectos a orde definitiva de persoas aspirantes seleccionadas.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous/dúas ou máis aspirantes do proceso selectivo, este resolverase acudindo a nota máis alta no primeiro exercicio da fase de oposición.

De manterse o empate, acudirase á maior puntuación no segundo exercicio.

De seguir manténdose o empate, acudirase á maior puntuación no terceiro exercicio.

Se aínda se mantivese o empate, procederase ao desempate mediante sorteo realizado polo Tribunal cuxa realización será comunicada ás persoas aspirantes empatados ao obxecto de que poidan acudir á súa celebración...”

Vista a base xeral 12, que sinala:

“(…)12.- PROPOSTA DE SELECCIÓN.

O/a Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. Dita proposta publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es e no taboleiro de anuncios dixital na sede electrónica. A Alcaldía elaborará resolución declarando a relación definitiva de aprobados, na que constará o/a aspirante seleccionado/a, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia. Esta relación definitiva de aprobados conterá tamén a orde de persoas aspirantes non seleccionadas que superaron o proceso selectivo e non resultaron seleccionadas, co fin de poder tomarse en consideración para o suposto de que o/a seleccionado/a non presente ou acredite no prazo establecido de conformidade co disposto na base 13 a documentación previa ao nomeamento, renuncie á praza ou non formalice o correspondente contrato laboral no prazo establecido; podendo neste caso formular proposta ao respecto da seguinte persoa aspirante que conste por orde de puntuación e así sucesivamente...”

O resultado das probas selectivas para o ingreso como persoal laboral fixo como operario/a con destino cemiterio (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial, sistema oposición, acceso libre, dos aspirantes que superaron cada unha das probas foi o seguinte, segundo consta nas publicacións realizadas:

1. CUALIFICACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO (Base 10)

O Tribunal acordou, conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 10 puntos, sendo os/as aspirantes que superaron o primeiro exercicio os/as seguintes:

N.º DE CONTROL	PREGUNTAS BEN CONTESTADAS	PREGUNTAS MAL CONTESTADAS	PREGUNTAS EN BRANCO	PUNTUACIÓN
001	22	5	3	6,33
002	23	3	4	7,06
003	20	3	7	6,06

005	17	8	5	4,06
006	14	14	2	1,86
007	19	8	3	4,73

IDENTIFICACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES DO PRIMEIRO EXERCICIO.

Ao obxecto de continuar co procedemento selectivo, o Tribunal procedeu á apertura pública dos sobres que contiñan as tarxetas nas que figuran os números de control e os datos identificadores das persoas aspirantes que participaron no proceso selectivo, co seguinte resultado ao respecto das aspirantes aprobadas:

N.º DE CONTROL	APELIDOS E NOME
001	FERNÁNDEZ LOUZAO OSCAR
002	REGO PÉREZ CONSTANTINO
003	TORIZA PÉREZ RAFAEL
005	PITA FERNÁNDEZ MIGUEL ANGEL
006	GÓMEZ FERNÁNDEZ MIGUEL ANTONIO
007	REYES DIAZ GENARO

2. CUALIFICACIÓN SEGUNDO EXERCICIO (Base 10)

O Tribunal acordou, conceder, por unanimidade, as seguintes puntuacións sobre un máximo de 10 puntos, sendo os/as aspirantes que superaron o segundo exercicio os/as seguintes:

APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
REGO PÉREZ CONSTANTINO	3,000
FERNÁNDEZ LOUZAO OSCAR	7,125
TORIZA PÉREZ RAFAEL	4,500

Vistas as bases xerais no seu punto 10, que indica que será necesario para aprobar, e superar a proba, obter un mínimo de 5 puntos, polo que os aspirantes D. Constantino Rego Pérez e D. Rafael Toriza Pérez non obtiveron a puntuación mínima esixida.

3. CUALIFICACIÓN FINAL (Base 11)

A cualificación final virá dada polo resultado da suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, quedando do seguinte xeito:

APELIDOS E NOME	GALEGO	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	CUALIFICACIÓN FINAL
FERNÁNDEZ LOUZAO OSCAR	EXENTA	6,33	7,125	13,455

4 RELACIÓN DA PERSOA SELECCIONADA

FERNÁNDEZ LOUZAO OSCAR

5 PROPOSTA DO TRIBUNAL (BASE 12)

Á vista das cualificacións outorgadas, o Tribunal de selección propón á Alcaldía o nomeamento como persoal laboral fixo a Don Oscar Fernández Louzao, como operario con destino no cemiterio correspondente ao posto de traballo (OP0.1/138) da RPT vixente do Concello de Viveiro.

O Tribunal eleva esta proposta á Alcaldía, no seu caso, para a súa Resolución de aprobación e publicación no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal www.viveiro.es, no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica..."

Vista a base xeral 13, que di:

“13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN POLA PERSOA ASPIRANTE SELECCIONADA.

13.1.- Documentación que o/a aspirante seleccionado/a terá que acreditar documentalmentemente mediante copias cotexadas (segundo o artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais.

O/A aspirante seleccionado/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

a) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar.

b) Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.

c) Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.

d) Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.

e) Copia da tarxeta da Seguridade Social.

f) Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.

Esta documentación tamén poderá presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se a documentación se presentase nas oficinas de correos, deberá facerse de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postales.

13.2.- O prazo para presentar os documentos enumerados no párrafo anterior será de vinte (20) días hábiles, contados a partir do seguinte a publicación da relación definitiva de aprobados no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Esta relación definitiva de aprobados tamén será obxecto de publicación no taboleiro de edictos dixital da sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web.

13.3.- Se o/a aspirante, seleccionado/a, declarado aprobado na relación definitiva de aprobados, non presenta os documentos mencionados no punto 15.1 dentro do prazo indicado, salvo en caso de forza maior que deberá xustificar en devandito prazo, ou deles se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen haber incurrido por falsidade nas súas solicitudes de participación, procedéndose ao chamamento a favor do seguinte aspirante con maior puntuación acadada no proceso, ditándose Resolución da Alcaldía ao efecto outorgando un novo prazo de vinte días hábiles ao seguinte aspirante con maior puntuación.

Da mesma forma procederase en caso de renuncia do/da aspirante proposto/a.

Unha vez presentada a documentación referida neste punto procederase a realizar, no prazo dun mes dende a expiración do prazo dos vinte días hábiles, o nomeamento como persoal laobral fixo ao/a aspirante proposto/a, mediante Resolución de Alcaldía, que será publicada no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de edictos dixital do Concello, debendo formalizar a correspondente contratación no prazo de 15 días naturais a partir da publicación do nomeamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e un mes cando supoña cambio de localidade de residencia; de conformidade co disposto no artigo 114.12 en consonancia coa Disposición Transitoria 4ª do Real Decreto-lei 6/2023, do 19 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xusticia, función pública, réximen local e mecenazgo.

De non presentarse á formalización do correspondente contrato laboral neste prazo o/a aspirante decaerá automaticamente de todos os seus dereitos, procedéndose a realizar os mesmos trámites ao seguinte de maior de puntuación acadada no proceso..”

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Aceptar a proposta do Tribunal, declarando a relación definitiva de aprobados en base á proposta do Tribunal, segundo o disposto nos puntos segundo e terceiro da presente resolución.

SEGUNDO.- Aceptar a proposta do Tribunal a favor de **D. OSCAR FERNÁNDEZ LOUZA**, como **aspirante seleccionado**, para ocupar en propiedade a praza vacante correspondente ao posto da RPT **“OPERARIO/A CON DESTINO CEMITERIO”** (OP0.1/138) na Escala Administración Especial, Subescala Servizo Especial.

De conformidade co disposto na base 13, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de 20 (vinte) días hábiles contados a partir da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia, a documentación establecida na base 13.1, que di:

“(…)13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN POLA PERSOA ASPIRANTE SELECCIONADA.

13.1.- Documentación que o/a aspirante seleccionado/a terá que acreditar documentalmente mediante copias cotexadas (segundo o artigo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas) ou, se é o caso, orixinais.

O/A aspirante seleccionado/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Viveiro os seguintes documentos, a excepción dos presentados coa solicitude de participación no proceso:

a) *Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións a desempeñar.*

b) *Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

c) *Copia cotexada ou copia auténtica do Documento Nacional de Identidad ou documento equivalente.*

d) *Copia cotexada ou copia auténtica da titulación académica esixida nas presentes bases ou, no seu defecto, certificación académica dos estudos realizados a que necesariamente acreditará o pagamento dos dereitos de expedición da correspondente titulación.*

e) *Copia da tarxeta da Seguridade Social.*

f) *Certificado do número de conta bancaria para o ingreso da nómina, e demais datos que resulten necesarios para a formalización do contrato ou nomeamento temporal ou para o abono da nómina.*

Esta documentación tamén poderá presentarse en calquera dos rexistros que menciona o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro. Se a documentación se presentase nas oficinas de correos, deberá facerse de acordo co artigo 31 do Real decreto 1829/1999, de 3 de decembro, que aproba o regulamento de prestación dos servizos postales...”

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital da sede electrónica, e no Boletín Oficial da Provincia.

CUARTO.- Dar traslado da presente Resolución ao Departamento de Persoal.

Contra a presente resolución, por tratarse dun acto de trámite cualificado, pode interpoñer alternativamente o recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte desta publicación, ante a PRESIDENTA- ALCALDESA deste Concello de Viveiro, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a da presente publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativa. Si se optara por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou fora producido a súa desestimación por silencio. Todo elo sen perxuício de que poda exercer calquer outro recurso que estime pertinente.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 18 de setembro de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González, ante min, a Secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Luz Balsa Rábade.

R. 2601

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. SECRETARÍA DE GOBERNO

Anuncio

O Tribunal Superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de paz TITULAR de NEGUEIRA DE MUNIZ (Lugo).

I.- Os aspirantes poderán presentar as súas **solicitudes no prazo de 15 días hábiles**, contadas dende a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- **Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.**

III.- **Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes.** O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Admóns. Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa,

SI	AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da “Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a non estar inculcado nin procesado**.

V.- **Xustificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual**.

PRESENTACIÓN SOLICITUDES e DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común.

A Coruña, 16 de setembro de 2025.- O SECRETRARIO DE GOBERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 2582

Anuncio

El Tribunal Superior de Xustiza, anuncia la convocatoria pública para cubrir la praza de juez o jueza de Paz SUSTITUTO/A de XOVE (Lugo).

I.- Los aspirantes pueden presentar sus **solicitudes en el plazo de 15 días hábiles**, contados desde la publicación de este edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, acompañadas de la siguiente documentación:

DOCUMENTACIÓN NECESARIA:

II.- **Certificado de nacimiento o fotocopia del D.N.I.**

III.- **Certificación expedida por el Rexistro Central de Penados y Rebeldes**. El solicitante autoriza al Tribunal, conforme al artículo 28 de la ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Admóns. Públicas, para su consulta, excepto que señale su negativa,

SI	AUTORIZO a la SECRETARÍA DE GOBIERNO DEL TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA para que, acceda a los datos relativos a mi persona que consten en el Registro Central de Penados, a través de la “Plataforma de Intermediación de Datos del Ministerio de Hacienda y Función Pública”.
NON	

IV.- **Declaración complementaria** a que se refire el artículo 2.1 da Lei 68/1980, **relativa a no estar inculcado ni procesado**.

V.- **Justificación de méritos** que se aleguen.

VI. -**Profesión actual**.

PRESENTACIÓN SOLICITUDES Y DOCUMENTACIÓN:

I.- Remisión al correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal,

II.- En cualquiera de las formas señaladas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015 del procedimiento administrativo común.

A Coruña, 16 de septiembre de 2025.- EL SECRETRARIO DE GOBIERNO, Juan José Martín Álvarez.

R. 2583

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) – XERMADE

Anuncio

Convocatoria pública de subvencions municipais a familias polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a, ano 2024-2025. Expte. 235/2025.

BDNS (Identif.): 857059

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/857059>)

Aprobación das bases para a convocatoria pública de subvencións municipais a familias polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a, ano 2024-2025. Expte. 235/2025.

Visto a Ordenanza Xeral reguladora do outorgamento de subvencións polo concello de Xermade, aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o 21 de decembro de 2006, publicada no BOP nº 45 o 24 de febreiro de 2007.

No Plan estratéxico de subvencións do Concello de Xermade para o período 2024-2026, aprobado polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 09/11/2023 e publicado no BOP nº 262 o 15/11/2023, prevese na liña 1 Acción social subvencións á natalidade por concesión directa.

Vistas as Bases de Execución do Orzamento municipal para o 2025 e a existencia de crédito na partida 231.480, polo importe de 7.200 euros.

Vistas as bases propostas pola Alcaldía o 01/07/2025, que se transcriben literalmente:

“PROPOSTA DE BASES PARA A CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONES MUNICIPALES A FAMILIAS POLO NACIMIENTO, ADOCIÓN OU ACOLLEMENTO DE FILLO/A, AÑO 2024-2025. EXPTE. 235/2025.

1.- DISPOSICIONES XERAIS

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e os procedementos para a concesión de subvencións municipais do Concello de Xermade, por nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a no presente exercicio.

Os principios ós que se suxeitarán os procedementos de outorgamento de subvencións son os seguintes: publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, eficacia, eficiencia, voluntariedade e non vinculación para futuras subvencións.

A concesión das subvencións previstas nas presentes bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tal e como se define nas Bases da 44 a 51 de Execución do Orzamento.

2.- OBXECTO, FINALIDADE E FINANCIAMENTO DAS SUBVENCIONES

A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas polo nacemento, adopción ou acollemento de fillo/a.

Establécese na base de execución do orzamento 51 unha subvención de 900,00 € por neno/a nacido/a no Concello do 1 de decembro de 2024 ao 30 de novembro do ano 2025, sempre que se solicite polos proxenitores e se acredite un empadramento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2024, debendo a crianza cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

A dotación orzamentaria é de sete mil douscentos (7.200,00€) euros.

O gasto derivado das subvencións outorgadas por actuacións recollidas neste apartado imputarase á partida 231.480 do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025.

No caso de que quedaren sen atender subvencións por nenos/as nacidos/as no exercicio anterior por falta de crédito orzamentario, atenderase prioritariamente ás mesmas sempre que cumpran os mesmos requisitos referidos ó exercicio anterior. Atenderase á subvención por orde de data de nacemento.

Os/As nenos/as nacidos en decembro de 2025 terán prioridade no outorgamento de subvencións no vindeiro exercicio.

3.- BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios das subvencións previstas nas presentes Bases os proxenitores de fillos/as nados/as do 1 de decembro de 2024 ao 30 de novembro do ano 2025, sempre que conste acreditado o empadramento dun destes no Concello dende o 1 de xaneiro de 2024 (coa excepción da base anterior), debendo o nacido cumprir os seguintes requisitos:

1º. Permanecer inscrito no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.

2º. Matricularse no CEIP de Xermade en 4º de Educación Infantil ou no curso que corresponda, no caso de adopción ou acollemento.

No caso de que se incumpra algún destes requisitos, procederá o reintegro da subvención.

Asemade deberán acreditar:

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Xermade, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga ou ben tivese desistido de forma motivada e por escrito.

Estar ó corrente das obrigas tributarias co Concello de Xermade, coa administración Estatal, autonómica e a Seguridade Social

Non estar incursas en ningunha causa de incompatibilidade ou prohibición das mencionadas no artigo 13 da Lei 38/2003, e concordantes da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

4.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

4.1.- Prazo: As solicitudes deberán presentarse a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición das Bases no Boletín Oficial da Provincia, ata o 30 de novembro de 2025.

4.2.- Lugar: Rexistro Xeral do Concello de Xermade de 9:00h a 14:00h ou calquera dos rexistros previstos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

4.3.- Documentación que se deberá xuntar:

1. Solicitud, segundo modelos normalizados que se facilitará polo Concello, asinada polos proxenitores da crianza, ou por quen teña conferida a tutela, e acompañada de fotocopia do DNI e do libro de familia. O empadramento dos pais verificarase de oficio polo Concello.

2. Certificado de empadramento da crianza.

3. Certificación dos datos bancarios das persoas solicitantes.

4. Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, autorizando expresamente ó Concello para a comprobación da situación do solicitante respecto das obrigas tributarias e coa seguridade social.

No caso de que fosen apreciados defectos de forma ou documentación incompleta, requirirase a corrección ou rectificación no prazo de dez días hábiles, arquivándose o expediente sen mais trámites de non efectuarse a mesma.

5.- CRITERIOS DE OUTORGAMENTO

Outorgaranse as axudas por orde de data de nacemento, adopción ou acollemento, ata esgotar o crédito previsto na partida correspondente.

No caso de incumprir os criterios de concesión das axudas, as cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

6.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES

6.1.- O órgano instructor será a traballadora social do Concello de Xermade ou o/a funcionario/ que o substitúa, en caso de ausencia.

6.2.- A Comisión de Valoración de Subvencións procederá a informar proposta de concesión de subvencións formulada pola instrutora, segundo os criterios previstos nas presentes bases. A proposta deberá conter a relación de solicitantes para os que se propón a subvención, a súa contía e os criterios de valoración que dean lugar á proposta.

A Comisión de Valoración de Subvencións terá a seguinte composición:

Presidente: o alcalde ou persoa en quen delegue.

Vogais: a concelleira delegada de servizos sociais e a educadora familiar.

Secretaria: o/a secretario-interventor/a do Concello.

6.3. Posteriormente á proposta informada pola Comisión de Valoración de Subvencións, a proposta pasará á Intervención Municipal para súa fiscalización.

Informada a proposta pola Intervención, a Xunta de Goberno Local (por delegación da Alcaldía) concederá as subvencións mediante resolución na que se especifique a relación de solicitantes ós que se conceden as subvencións e a desestimación das restantes solicitudes. O prazo máximo para resolver será de quince días hábiles contados a partir da finalización do prazo de solicitude das subvencións.

O outorgamento das subvencións notificarase ás persoas interesadas de acordo co establecido nos artigos 40, 41, 42, 43 e 44 da Lei 39/2015. A resolución da concesión farase pública, como mínimo, mediante exposición pública no taboleiro de anuncios municipal durante un prazo dun mes.

7.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Os beneficiarios das subvencións terán que aterse ás seguintes obrigas:

1. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe permanecer inscrito/a no padrón polo prazo mínimo de tres (3) anos.
2. O/A neno/a nacido/a, adoptado/a ou acollido/a debe matricularse no CEIP de Xermade.
3. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, aportando, para elo, tanta información lles sexa requirida.
3. Comunicar ó Concello a obtención doutras subvencións de calquera entidade pública ou privada para a mesma finalidade.

8.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

A xustificación, que será baixo a responsabilidade do declarante, farase coa presentación no Rexistro de Entrada do Concello, como máximo o día 30 de novembro de 2025, do modelo normalizado de solicitude de pagamento que se facilitará no Concello.

O pagamento da subvención concedida farase efectivo antes do 31 de decembro do 2025, sempre e cando os/as beneficiarios/as acrediten estar ao corrente coas obrigas tributarias e seguridade social.

9.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

O incumprimento do deber de que o/a neno/a figure empadroadado/a no municipio e se matricule no CEIP de Xermade dará lugar á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

10.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Para o non previsto nestas bases será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como as Bases 44 a 51 das de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Xermade para o ano 2025.

***NOTA:** A todos os efectos, en caso de erro, terá prioridade o texto publicado na lingua cooficial.

Xermade, 17 de setembro de 2025.- O Alcalde-Presidente, Roberto García Pernas.

R. 2584